

## **CANLE DE DENUNCIAS**

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais, APACAF abre unha canle de Denuncias, tanto aos seus grupos de interese como a terceiras persoas.

A implantación dunha canle de denuncias accesible e pública permite detectar actuacións e condutas contrarias ao código ético da entidade e legalidade vixente.

Por medio desta canle APACAF pode reaccionar de forma inmediata ante o coñecemento destas anomalías e tamén pode axudar a impedir este tipo de comportamentos ao existir un medio de denuncia.

A canle para o envío de denuncias pon ao dispor das persoas traballadoras, voluntariado, doantes, persoas relacionadas coa entidade, provedores, etc., que queiran formular unha denuncia unha dirección de correo electrónico e unha dirección postal.

A comunicación poderase realizar de maneira anónima. Con todo, para poder realizar un seguimento adecuado, solicitarase información para contactar coa persoa denunciante, sendo a súa decisión proporcionala ou realizar a denuncia de forma anónima.


A Canle de Denuncias está exclusivamente dirixida a recoller denuncias sobre condutas irregulares na entidade APACAF.

Enviar unha denuncia implica manifestar o estado ilegal, irregular ou inconveniente de calquera acción levada a cabo por APACAF.

Esta canle NON está dirixido a recoller denuncias relativas a condutas irregulares doutras entidades ou no marco da actividade doutras entidades, sexan empresas, organizacións non lucrativas ou calquera outro tipo de organización, sexa cal fora súa relación con APACAF. No seu caso, estas denuncias deberán dirixirse ás canles de denuncia das entidades correspondentes.

Tampouco está dirixido a recoller suxerencias, comentarios ou consultas sobre a actividade de APACAF. Nese caso pode utilizar o formulario de contacto.

Toda denuncia recibida será analizada e tramitada de acordo ao establecido na Política da Canle de Denuncias de APACAF.



## **POLÍTICA DA CANLE DE DENUNCIAS**

### **1. INTRODUCCIÓN**

A canle de comunicación de denuncias de APACAF é unha ferramenta que permite comunicar, de forma confidencial e segura, mala praxe ou condutas potencialmente irregulares das persoas traballadoras ou terceiras persoas que teñan relación coa entidade, que poidan derivar en responsabilidade penal por parte da entidade. É un método para depurar responsabilidades e eximir de culpabilidade á entidade.

Ademais contribúe a mellorar a transparencia e a confianza na entidade, é un mecanismo fundamental na xestión do risco.

O obxectivo desta política é implantar un procedemento para a xestión de denuncias que permita recoñecer actuacións ilícitas na entidade APACAF. Ademais, permitirá identificar áreas de mellora na xestión interna da entidade.

Para iso, habilitaranse canles para o envío das denuncias que poderán utilizar todos os grupos de interese: persoas traballadoras, voluntariado, doantes, persoas relacionadas con APACAF, provedores, etc.


Considérase que unha denuncia implica manifestar o estado ilegal, irregular ou inconveniente de calquera acción levada a cabo por APACAF.

### **2. PRINCIPIOS**

Accesibilidade: a canle de comunicación será clara e de fácil acceso, a través dun correo electrónico establecido con esta finalidade e que será público na páxina web ou dunha dirección de correo postal de APACAF.

Transparencia: esta canle de denuncias, queixas ou suxerencias, será pública, así como o correo electrónico e o correo postal, establecidos como medios de comunicación. Informarase as persoas traballadoras e grupos de interese da existencia desta canle de denuncias.

Boa fe: as denuncias poderanse realizar de maneira anónima, unicamente a través de correo postal. Con todo, para poder realizar un seguimento adecuado, solicitarase información para contactar ca persoa denunciante, sendo decisión da mesma proporcionala ou realizar a denuncia de forma anónima. No caso de que a denuncia non



sexa anónima, APACAF comprométese a non tomar ningunha medida disciplinaria nin acción legal contra a persoa que comunica unha denuncia de boa fe. APACAF resérvase o dereito de emprender accións legais ou disciplinarias contra calquera persoa traballadora ou que forme parte da Xunta Directiva da entidade que tome unha represalia contra a persoa que emite unha denuncia de boa fe.

Confidencialidade: a identidade da persoa que realice a comunicación terá a consideración de información confidencial e non poderá ser comunicada sen o seu consentimento.


Con todo, os datos das persoas que efectúen a comunicación poderán ser facilitados tanto ás autoridades administrativas como ás xudiciais sempre que fosen requiridos como consecuencia de calquera procedemento derivado do obxecto da denuncia. Dita cesión dos datos ás autoridades administrativas ou xudiciais realizarase sempre dando pleno cumprimento á lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.

Obxectividade e imparcialidade: unha vez recibida unha denuncia, garantirase o dereito á intimidade, á defensa e á presunción de inocencia das persoas obxecto da mesma. A Xunta Directiva nomeará a unha ou varias persoas encargadas da xestión das denuncias que delegarán noutras persoas propostas no caso de que algunha das denuncias recibidas poida supoñer un conflito de interese. As persoas designadas ostentarán un cargo distinto ao do/a Presidente/a ou Tesoureiro/a da entidade.

Eficiencia: a tramitación de todas as solicitudes realizarase o máis axiña posible. Con todo, APACAF resérvase o dereito a non emitir unha resposta nos seguintes casos:

a. Solicitudes de datos de carácter confidencial: no caso de datos regulados por leis ou que afecten a acordos privados que esixen a protección das persoas e das institucións involucradas.

b. Solicitudes maliciosas que vulneren claramente o criterio de boa fe por ser irrespetuosas polo seu contido ou a súa forma. Cando haxa razóns ou indicios de que a comunicación presentouse de mala fe, desestimárase o seu seguimento e informárase a persoa denunciante dos motivos da desestimación. APACAF resérvase entón o dereito para tomar medidas disciplinarias ou doutra índole.



### 3. PROCEDEMENTO

**Acceso:** APACAF habilitará un correo electrónico e unha dirección postal, visible na páxina web, para a recepción de denuncias. A estes medios de comunicación de denuncias terán acceso exclusivamente a ou as persoas designadas pola Xunta Directiva para a xestión das denuncias, que se comprometen a tratar de maneira confidencial a información recibida.

**Xestión da información:** Realizarase un rexistro coas denuncias recibidas no que figure o código asignado á denuncia, a data de recepción, a información contida e a data de resposta así como calquera seguimento posterior.

#### **Análise e resolución:**

a- A ou as persoas designadas pola Xunta Directiva para a xestión das denuncias reciben os correos electrónicos e envían aquelas solicitudes de información ou outras cuestións que non sexan denuncias ao departamento de administración de APACAF.

b. No caso das denuncias:


- A ou as persoas designadas pola Xunta Directiva encargaranse de levar a cabo a investigación sobre a denuncia recibida, para o que poderán entrevistar a cantas persoas consideren de relevancia para tomar unha decisión obxectiva.

- O trámite de investigación incluírá sempre unha entrevista privada coa persoa supostamente responsable da conduta denunciada.

- Unha vez levada a cabo a investigación, realizarase un breve informe sobre as conclusións. Este informe poñerase en coñecemento da Xunta Directiva, da Dirección Xeral da entidade e da persoa que realizou a denuncia no caso de que esta non fose anónima.

- Unha vez realizado este informe, poderanse impoñer as medidas disciplinarias ou sancións adecuadas. Nos casos que sexan constitutivos de delito, poñerase en coñecemento das autoridades.

- A tramitación de todas as solicitudes realizarase o máis axiña posible, establecendo un prazo máximo de 30 días para dar resposta ás mesmas. Se por algunha razón non se puidese enviar resposta nese prazo, informarase á persoa interesada de que a súa solicitude está en curso e ofreceráselle un novo prazo.



#### **4. CONSERVACIÓN DA INFORMACIÓN**

A información conservarase de acordo cos requirimentos legais especificados na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personais e Garantías dos Dereitos Dixitais que nesta materia resulten de aplicación en cada caso.

Os datos persoais de quen formule a denuncia, das persoas traballadoras e de terceiros afectados pola información subministrada conservaranse no sistema de denuncias unicamente durante o tempo imprescindible para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación dos feitos denunciados. Transcorridos 3 meses desde a introdución dos datos, deberá procederse á súa supresión do sistema de denuncias. Se fose necesaria a súa conservación para continuar a investigación, poderán seguir sendo tratados nunha contorna distinta polo órgano pertinente da canle de denuncias.